



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos			2016/17	
Asignatura (*)	Manifestacións artísticas e literarias dos países de fala inglesa		Código	613505018
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Inglesa			
Coordinación	Cabarcos Traseira, Maria Jesus	Correo electrónico	maria.jesus.cabarcos@udc.es	
Profesorado	Cabarcos Traseira, Maria Jesus	Correo electrónico	maria.jesus.cabarcos@udc.es	
Web	www.imaes.eu/?page_id=31			
Descrición xeral	Estudo das interaccións entre a literatura en lingua inglesa e outras manifestacións artísticas no contexto anglófono, como pintura, teatro, televisión, cine, etc. Análise das diferencias e similitudes temáticas e estéticas; estudo das particularidades, posibilidades e límites das linguaxes empregadas; exemplos de incorporación de aspectos dunha disciplina artística noutra diferente, contextualizados no caso dos países de fala inglesa. A materia fai especial fincapé na aplicabilidade dos contidos en ámbitos profesionais como a crítica cultural, ou a xestión de contidos culturais, para o que se proporcionará ao alumnado un vocabulario crítico axeitado e se lle ensinará a comentar e a escribir reseñas sobre manifestacións artísticas.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ser capaz de relacionar a literatura con outros textos artísticos e co contexto social, económico, cultural e político no que foron escritas (as obras literarias)/ producidas (cine, tv, pintura).	AI9 AI10 AI11 AI13	BI6 BI7	
Ser capaz de ler críticamente os textos narrativos, dramáticos e artísticos e de organizar e presentar as leituras dos textos tanto de xeito oral como escrito.	AI9 AI10 AI11 AI13	BI6 BI7 BI9 BI10 BI11	

Contidos

Temas	Subtemas
Os contidos da materia son susceptibles de modificación de acordo coas necesidades e intereses do alumnado.	Habilitaranse mecanismos e oportunidades para o alumnado expresar as súas preferencias.
Pintura e literatura (éfrase).	- Poesía. - Narrativa. Visionado/lectura: Frans Claerhout e Zakes Mda.
Cine e literatura.	- Adaptación cinematográfica de clásicos literarios. - As "Drover's wives" e Ned Kelly na historia, na literatura e nas artes visuais.



TV e literatura.	- Clásicos contemporáneos da narración televisiva. - As Series.
------------------	--

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A9 A13 B9	14	35	49
Prácticas a través de TIC	A10 A11 B6 B7 B11	0	7	7
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 B6 B7 B9 B10 B11	0	18	18
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	As horas de clase adicaranse á presentación inicial de contidos e, principalmente, á análise en grupo e ao debate sobre as lecturas e visionados previamente asignados.
Prácticas a través de TIC	Cada estudante deberá responsabilizarse de traballar todo o material asignado e dispoñible na plataforma virtual Moodle e estar preparadx para o debate e discusión en clase.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá completar un traballo que poderá consistir nun exercicio de análise crítica ou de creación orixinal de material arredor dalgunha manifestación artística visual e escrita anglófona. O formato decidírase definitivamente unha vez coñecido o alumnado da materia e tras escoitar as súas preferencias.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora está ao dispor de cada estudante para supervisar o seu traballo durante todo o curso.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A9 A13 B9	Valorarase a participación activa e os resultados en todas as discusións, debates e actividades en clase e fóra de clase (recensións, análises literarias, lecturas, preparación de presentación oral, etc). A preparación previa do material é esencial.	50
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A13 B6 B7 B9 B10 B11	Cando se defina o tipo de traballo especificaranse tamén os aspectos a avaliar. Por exemplo, para un traballo académico de análise, terase en conta a profundidade da análise, a orixinalidade das ideas, a organización e presentación, así como a corrección do inglés empregado.	50

Observacións avaliación



Aquel(a) estudante que non leve a cabo o traballo tutelado ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación acadará a cualificación de NP ("Non Presentado"). A oportunidade de avaliación en xullo constará de dous apartados: 1) o traballo tutelado (co mesmo deseño e aplicándose idénticos criterios que na primeira oportunidade) e que computará o 50% da nota; 2) as actividades substitutivas do traballo de clase que computarán o 50% restante da nota. Dependendo da parte que teña que "recuperar" cada estudante, daranse indicacións sobre temas e tipos de actividades. Un/ha estudante que deba entregar en xullo traballo equivalente a todo este apartado (é dicir, 50% da súa nota) deberá completar un traballo de recensión e unha análise literaria. Deberanse entregar ambas compoñentes, á máis tardar, antes das 14 horas da data oficial do exame final da materia. Dado o carácter semi-presencial do título, a asistencia é obrigatoria, salvo dispensa solicitada en tempo e forma e concedida pola Comisión Académica Universitaria do título, e sempre respetando as normativas de asistencia a clase das tres universidades participantes no título, así como os sistemas de avaliación que figuran expresamente nas guías docentes das diferentes materias, e sen prexuízo das consecuencias que poida ter para a súa avaliación final a ausencia a determinadas sesións presenciais.

Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliad@ seguindo os criterios aplicables á convocatoria de xullo. Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" nesta actividade. Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.

Fontes de información

Bibliografía básica	Cartmell, Deborah & Imelda Whelehan (eds). The Cambridge Companion to Literature on Screen. Cambridge: Cambridge University Press, 2007. Cascajosa Virino, Concepción. El espejo deformado: versiones, secuelas y adaptaciones en Hollywood. Sevilla: U. de Sevilla, 2006. Cahir, Linda Costanzo. Literature into Film: Theory and Practical Approaches. Jefferson, N.C.: McFarland & Co. 2006. Giddings, Robert, Keith Selby and Chris Wensley. Screening the Novel: The Theory and Practice of Literary Dramatization. London: MacMillan, 1990. McFarlane, Brian. Novel to Film: An Introduction to the Theory of Adaptation. Oxford: Clarendon Press, 1996. Sanders, Julie. Adaptation and Appropriation. New York: Routledge, 2005.
----------------------------	---

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías